



Entrevistas do 25 aniversario



Generoso
Rivas Fraga
VECIÑO DE CERCEDA

"Sogama era necesaria, había vertederos por todas partes"

[Ler máis...](#)



Rafael Guinea
PRESIDENTE
DE AEVERSU

"Sogama es una de las empresas líderes del sector porque contribuye a la excelencia"

[Leer más...](#)

Editorial



Javier Domínguez Lino
PRESIDENTE DE SOGAMA

"A economía circular: repensando a nosa forma de vivir"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

A xornada "A xestión sostible dos residuos na economía circular", foro de coñecemento

O encontro, que contou con relatores de altura como o presidente de honra da Fundación para a Economía Circular, Jean Pierre Hannequart, foi unha oportunidade para que os máis de 170 asistentes accedesen ao coñecemento sobre este modelo de desenvolvemento cara ao que debe transitar a humanidade.



[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama repoboará 4,11 de hectáreas de solo con especies autóctonas

300 novas vivendas adscritas á compostaxe doméstica

Representantes de Arabia Saudita visitan Sogama

Renovación do convenio co Clube Cerceda

[Ler máis...](#)

Multimedia


Videoconto dos Trebón: "Imos de vacacións!"

[Ver máis...](#)



Spot Día da ReciclaXe

[Ver máis...](#)



Eventos

A reciclaxe, a escea en Ordes

Cervo Respecta 2017



Maior consumo ecolóxico

"Paxarelas azuis" de Aspapel

O impacto das cabichas

Concurso Recicla-Activo

Efemérides ambientais

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Ensalada murciana

[Ver receita...](#)

Editorial

“A economía circular: repensando a nosa forma de vivir”



O pasado 12 de maio celebramos na Coruña, concretamente na Fundación Barrié, e ante un nutrido aforo de representantes locais, empresariais e universitarios, unha xornada na que, baixo o título “A xestión sostible dos residuos na economía circular”. Pretendiamos divulgar as novidades máis salientables no sector e dar voz aos nosos convidados a fin de que nos indicasen o camiño a seguir para avanzar cara a un novo modelo de desenvolvemento, racional, lóxico e de futuro, que nos permita abandonar o actual modo de vida lineal.

A Fundación para a Economía Circular, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a planta de valorización enerxética de Zaballarbi e algúns dos máis importantes Sistemas Integrados de Xestión (caso de Ecoembes, Ecovidrio e Recyclia), amén de empresas galegas

de gran potencial na xestión ecolóxica dos residuos, como é o caso de Ecocelta, mostráronnos abertamente as súas cartas e argumentaron as razóns polas cales a nosa forma de vivir, consumir e pensar deben cambiar. E a través dos distintos itinerarios descritos, todas as directrices, recomendacións e postulados converxían nun punto común de encontro: a economía circular.

A carreira de alta velocidade que debemos emprender require de grandes doses de enerxía e de esforzo, pero non debemos perpetuarnos na liña de saída por máis tempo. Un mundo mellor está en xogo. Ademais, Europa aprema cuns obxectivos de reciclado e de recuperación moi ambiciosos e uns prazos que é preciso cumprir para evitar posteriores sancións e a imposibilidade de acceder a fondos europeos.

Temos aprendido que conceptos como redeseño, refabricación e reparación, entre outros, deben

“Non debemos perpetuarnos na liña de saída por máis tempo. Ademais, Europa aprema cuns obxectivos moi ambiciosos que dan acceso a financiación.”

estar presentes nun novo modelo no que as malas prácticas de usar e tirar deben quedar desterradas e ceder o seu protagonismo ao máximo aproveitamento.

Repensar a forma de recuperar eríxese hoxe nunha prioridade, pero repensar a nosa forma de vivir e consumir, tórnase en obriga.

Presidente de Sogama

Javier Domínguez Lino

Entrevistas do 25 aniversario



Generoso Rivas Fraga

Veciño de Cerceda e xerente de empresas de transporte

"Sogama foi unha fonte de emprego, tanto para Cerceda como para os concellos da contorna"

Generoso Rivas Fraga vive en Queixas, no concello de Cerceda, e é o xerente de dúas empresas de transporte do municipio. El recorda o momento no que comezaron as obras do Complexo Medioambiental de Sogama e os beneficios que trouxo para a súa vila e os habitantes dos municipios veciños.

Recorda a chegada de Sogama a Cerceda?

Moi ben xa que a primeira parcela que se vendeu para crear o Complexo, casualmente, era miña. Teño tamén dúas empresas familiares que, desde o día en que abriu Sogama, se dedican ao transporte de residuos. Facemos escavacións, movementos de terra e transporte de residuos en xeral, incluídos os perigosos.

Como valora a construción do Complexo?

Penso que era necesaria naquel momento, cando había vertedoiros por todas partes. A situación foi mellorando grazas a Sogama e agora falta que a xente se conciencie e saiba a onde vai cada cousa para que isto funcione correctamente. Non podemos tirar o lixo onde nos dea a gana.

Creouse emprego na vila?

Si, Sogama foi unha fonte de emprego para Cerceda e tamén para os concellos da contorna. Na miña empresa estamos traballando persoas de diferentes municipios e en Sogama, igual.

Ademais do emprego, que outro tipo de beneficios supuxo Sogama?

En Cerceda estamos gozando dunhas comunicacións moi amplas, que cada día se están mellorando máis. Está claro que é grazas a Sogama e ao que foi medrando a vila desde entón. Ademais, aínda que non estean relacionadas directamente con Sogama ou cos residuos, as empresas medran grazas a ela porque a xente come un bocadillo na vila ou bota gasóleo, por exemplo. Cando houbo polémica e ninguén quería a Sogama, eu defendina. Por unha parte, porque

"A situación foi mellorando e agora falta que a xente se conciencie. Non podemos tirar o lixo onde nos dea a gana."

era necesaria e, por outra, porque crea traballo. Hai moitas empresas que traballan para Sogama, por exemplo, de transporte. Eu quero ver medrar Sogama e que todos os residuos sexan tratados correctamente. ●

Entrevistamos a...



Rafael Guinea

Presidente de Aeversu (Asociación Española de Empresas de Valoración Energética)

"Son 25 años de trabajo incansable para hacer la gestión de residuos de Galicia más sostenible"

Rafael Guinea, director general de Tirme (Mallorca), preside la **Asociación Española de Empresas de Valoración Energética**, de la que forman parte once plantas dedicadas a la valoración energética (diez en España y una en Andorra). Sogama, socia fundadora de esta asociación, se adscribe a ella en 1998.

¿Cómo valora la actividad de Sogama en Galicia?

Sogama ha supuesto un antes y un después en la gestión medioambiental de los residuos en Galicia. En estos 25 años de trabajo continuo ha logrado ser un referente en gestión de residuos en una región con una distribución urbana tan complicada como la gallega.

¿Y la relación establecida con Aeversu?

No puede ser mejor. Es una de las empresas líderes del sector, con una gran implicación en la asociación y una enorme contribución a la mejora continua y excelencia que tenemos como base de la relación entre las distintas instalaciones de valoración energética de España.

Sogama comienza el salto a la economía circular. ¿En qué

medida apoya la valoración energética este cambio?

Como se refleja en la última comunicación de economía circular hecha por la Comisión Europea, la valoración energética cierra el círculo transformando en recurso todos aquellos materiales que, por razones de calidad o composición, no se han podido reutilizar ni reciclar. Es la alternativa más sostenible al vertedero.

El objetivo es el vertido cero.

¿Cree que Sogama está en el buen camino para conseguirlo?

Por supuesto, las últimas inversiones realizadas por Sogama y la continua educación y comunicación ambiental que lleva a cabo son acciones que, sin duda, incrementarán la reutilización y reciclaje de los residuos, reduciendo así paulatinamente la

"Sogama ha supuesto un antes y un después en la gestión medioambiental de los residuos en Galicia."

cantidad que va a vertedero con el objetivo final del "vertido cero".

Según su punto de vista, ¿qué aportación de Sogama hacia la sostenibilidad destacaría?

Sin duda su perseverancia y constancia. Son 25 años seguidos de trabajo incansable con el mismo objetivo: hacer la gestión de residuos de Galicia más sostenible. ●

Mundo SOGAMA

Sogama promove un gran foro de debate sobre o modelo circular de desenvolvemento

Expertos nacionais e internacionais acudiron o pasado 12 de maio á xornada "A xestión sostible dos residuos na economía circular"

A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RESIDUOS NA ECONOMÍA CIRCULAR

ECONOMÍA CIRCULAR

REDESEÑAR / REFABRICAR
REDISTRIBUIR
REDUCIR / REUTILIZAR
RECUPERAR / REPARAR
RECICLAR / REPENSAR

25 años SOGAMA
— COA AXUDA DE TODOS —

XORNADA GRATUÍTA promovida por SOGAMA
Entregarase DIPLOMA ACREDITATIVO aos asistentes

12 DE MAIO DE 2017
Fundación BARRIÉ (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
www.sogama.es

"Os residuos que hoxe xeramos conteñen recursos esenciais para o futuro e a nosa obriga hoxe é garantir un futuro máis próspero para o mañá". Así pechou Javier Domínguez Lino, presidente de Sogama, a xornada "A xestión sostible

dos residuos na economía circular", promovida pola entidade pública e celebrada na Fundación Barrié da Coruña o pasado 12 de maio. En concreto, o máximo responsable recordou que o principio comunitario dos tres erres xa non é suficiente para

resolver a problemática representada polo lixo, impoñéndose de forma decidida a economía circular e o criterio "multiterr". Incidiu nos conceptos de reparabilidade e ecodeseño como dous dos principais atributos do paquete europeo de

Mundo SOGAMA

economía circular, debéndose –dixofomentar igualmente as operacións do mercado de segunda man.

Así mesmo, Domínguez Lino reclamou un maior esforzo por parte de todos para cumprir cos ambiciosos obxectivos do 50% de reciclado para 2020, apelando á responsabilidade compartida, e avogou pola complementariedade de sistemas de cara a unha mellor xestión dos residuos urbanos.

Tamén se remitiu ao vertido técnico cero como aspiración lexítima de calquera modelo que se distinga pola súa sostibilidade, e aludiu á aplicación dunha taxa ao vertido como instrumento económico disuasorio de dano á súa utilización. “España non se pode permitir o luxo de enterrar a enerxía contida nos residuos non reciclables”, sinalou.

Brillantes relatorios

Domínguez Lino non esqueceu agradecer a presenza da Conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato, así como as brillantes intervencións dos relatores, todos eles de alto nivel, e a asistencia dos máis de 170 inscritos, comprometidos e interesados coas temáticas abordadas nesta intensa xornada.

A secuencia de intervencións abriu co presidente de honra da [Fundación para a Economía Circular](#), Jean Pierre Hannequart, para quen “a prevención



Margarita Ruiz Saiz-Aja, do MAPAMA

de residuos debe ser unha prioridade a nivel xurídico e político”. Hannequart apuntou á necesidade de pechar o círculo da produción, do consumo, dos residuos e dos recursos para avanzar cara a un modelo de economía eficiente no correcto uso destes últimos. Incidiu na necesidade de que o crecemento sostible, integrado e intelixente está ligado a cinco sectores

prioritarios: plástico, alimentación, residuos orgánicos, materias primas críticas, construción e demolición.

Pola súa banda, Margarita Ruiz Saiz-Aja, [subdirectora xeral adxunta de residuos do MAPAMA](#), apremiou a “actuar antes de que os produtos se convertan en residuos” mentres que María Cruz Ferreira, [directora xeral](#)



María Cruz Ferreira, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

“España non se pode permitir o luxo de enterrar a enerxía contida nos residuos non reciclables”, Javier Domínguez Lino

de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, se manifestou na mesma liña ao sinalar que debemos conseguir a máxima valorización material dos residuos urbanos, “unha das prioridades da Consellería de Medio Ambiente para os próximos anos”, recordou.

A xornada de mañá pechouse coa intervención de representantes

Mundo SOGAMA



Germán Fernández (Ecovidrio),
Fernando Blázquez (Ecoembes) e Julio
Lema (Recyclia), de esq. a drta.

algúns dos principais Sistemas de Xestión de Residuos como Ecoembes, Ecovidrio e Recyclia. Na liña xeral do encontro, Fernando Blázquez, xerente da zona norte de Ecoembes, apelou ao traballo colaborativo da sociedade para avanzar cara a un modelo circular de desenvolvemento; e Germán Fernández, xerente en Galicia de Ecovidrio, aproveitou o foro para anunciar que a entidade investirá en Galicia 11 millóns de

euros para incrementar as taxas de reciclado de vidro na comunidade.

RAEE, problema exponencial

Xa por último, Julio Lema, director Comercial e de Comunicación de Recyclia, puxo sobre a mesa un problema ambiental ao que non se presta demasiada atención. Confirmou que os residuos electrónicos (RAEE) medran 3 veces máis que os residuos urbanos polo que é prioritario adoptar

medidas que permitan xestionalos axeitadamente e conforme á normativa vixente. O argumento que deu ao auditorio foi contundente: "ata o 90% dos compoñentes dun teléfono móbil son reciclables".

A sesión vespertina comezou cun relatorio do director xeral de Sogama, Isidro García, sobre o proceso de ampliación da entidade pública recordando que a actuación "representa, por riba de todo, unha garantía de futuro para Galicia". Continuou logo o director xeral de Zabalgarbi, Mikel Huizi, quen apelou á necesidade de derribar falsos mitos sobre as plantas de valorización enerxética e permitir que desempeñen o papel que realmente lles corresponde: producir a enerxía da economía circular.

Un exemplo real

O turno de intervencións da xornada "A xestión sostible dos residuos na economía circular" finalizou con Sergio Quiroga, director de I+D e Producción de Ecocelta, un exemplo de emprendemento empresarial no sector da bioxestión ambiental e na produción de abonos orgánicos. ●



Isidro García (drta.) e o director xeral
de Zabalgarbi, Mikel Huizi (centro)

Actualidade

Sogama revexetará con especies autóctonas 4,11 hectáreas de solo

Trátase das 7 especies cunha maior representación na zona e adaptadas ás condicións ecolóxicas



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, foi o encargado de plantar o primeiro bidueiro no terreo

Sogama revexetará con especies autóctonas 4,11 hectáreas de solo no recinto do seu Complexo Industrial de Cerceda. A empresa pública celebrou o Día do Medio Ambiente con este anuncio e plantando a primeira árbore no terreo, un bidueiro.

En concreto, serán 1,25 hectáreas de frondosas e 2,86 hectáreas de coníferas. As especies elixidas son bidueiros (*Betula alba*), carballos (*Quercus robur*), carballos americanos (*Quercus rubra*), faias (*Fagus sylvatica*), freixos (*Fraginus*

excelsior) e cereixos bravos (*Prunus avium*). En relación ás coníferas, aquí medrarán piñeiros do país ou piñeiros marítimos (*Pinus pinaster*), toda vez que presenta maior capacidade de absorción de CO₂ (0,69 tn Co₂/pé aos 30 anos).

Barreira vexetal

Trátase de especies cunha maior representación na zona e adaptadas ás condicións ecolóxicas do lugar de plantación, o que permitirá instaurar unha masa vexetal

estable que se perpetúe no tempo. Darase maior estabilidade ao solo, protexéndoo fronte á erosión, á vez que actuará como sumidoiro de CO₂ e barreira vexetal de cara a mellorar a paisaxe e minorar os ruídos propios da actividade industrial.

Esta actuación enmarcarase no plan de sostibilidade da entidade pública, centrado en compatibilizar a súa actividade industrial coa protección da contorna e mellora do benestar da poboación. ●

A compostaxe doméstica suma 300 novas vivendas en Pontevedra e na Coruña

Os novos usuarios residen nos concellos de Bueu, Cangas, Vilagarcía de Arousa, Oia, Salvaterra de Miño, Vilarmaior, Aranga e Ordes

Bueu acaba de incorporarse ao programa de compostaxe doméstica con 50 vivendas adscritas a esta exitosa iniciativa posta en marcha en 2010. Seguen así o mesmo *modus operandi* Cangas (50), Vilagarcía de Arousa (30), Oia (30) e Salvaterra de Miño (25), que amplían a súa participación confiando en beneficiarse das vantaxes ambientais, económicas e sociais que trae consigo a autocompostaxe.

Con Bueu, xa son 72 as entidades da provincia de Pontevedra adscritas ao proxecto de Sogama, tendo distribuído entre as mesmas máis de 2.500 composteiros.

Pola súa banda, e tamén coa axuda da empresa pública, os concellos coruñeses de Vilarmaior (25), Aranga (25) e Ordes (50) estenderán a autocompostaxe a 100 novas familias, sumando un total de 342 fogares ao proxecto.


350 litros moi útiles

En calquera dos casos e, en primeiro lugar, a compañía entrega aos entes locais os composteiros de 350 litros de capacidade para ser distribuídos entre as familias. Despois, persoal ao cargo de Sogama imparte un curso presencial de formación e reparte entre os usuarios o material divulgativo necesario para que a iniciativa sexa exitosa. Nunha segunda fase xa é o propio persoal do Concello quen se encarga do seguimento, visitando casa por casa para comprobar a técnica, resolver dúbidas e corrixir erros.

O único requisito indispensable para participar é que as vivendas adscritas contén con horta ou xardín no que aplicar o abono resultante, de extraordinarias propiedades fertilizantes. ●

A COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA

POR QUE? MENOS REFUGALLOS, MENOS FACTURA



O PROCESO

1º

Técnicos de Sogama

Imparten un curso de formación presencial, entregan carteis informativos, guías didácticas de apoio e composteiros.



2º

Técnicos de cada concello

Efectúan o control porta por porta para levar a cabo o seguimento do proceso.



100 quilos
lixo orgánico



5-6 meses



30 quilos
abono orgánico

COMO RECOÑECER UN BO COMPOST?



Cor escura e aspecto homoxéneo
Cheiro a terra de bosque
Textura solta e granulosa

O programa de compostaxe doméstica comezou en 2010

[Amplía a información en www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal)

A reciclaxe viaxa 135 km pola costa de Pontevedra

O dispositivo educativo completouse con actividades divulgativas e lúdicas



O tráiler da campaña “Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor” percorreu as localidades de A Guarda, Nigrán, Poio, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa

O tráiler da reciclaxe circulou durante os últimos días de maio polas localidades pontevedresas de A Guarda, Nigrán, Poio, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa. En total, e de punta a punta, uns 135 km entre a desembocadura do Miño e a do río Ulla. O camión estivo atendido por educadores medioambientais que se encargaron de informar e formar aos cidadáns na correcta xestión dos residuos urbanos solventando, de paso, todas as súas dúbidas. O tráiler complementouse con monólogos musicados, xogos, un inchable e ata un circuito de triciclos para goce de maiores e pequenos. “Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor” é unha campaña itinerante que arrancou en agosto de 2016. O seu obxectivo é crear conciencia en torno á

necesidade de incrementar as taxas de reciclado na nosa comunidade para alcanzar importantes beneficios ambientais, económicos e sociais.

Menos dun ano, máis de 77.500 persoas atendidas

Desde entón, atendeu de forma personalizada a máis de 77.500 persoas, utilizando diversos medios materiais como aulas móbiles e carpas informativas, emprazadas nun elevado número de municipios, ademais de estar presente en centros educativos, asociacións, centros comerciais, campamentos e eventos deportivos, entre outros escenarios.

A campaña está promovida e liderada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, coa colaboración de Ecoembes e Sogama. ●

[Máis información en www.oportunidadesparareciclar.gal](http://www.oportunidadesparareciclar.gal)

Proxecto Home súmase ao camiño da economía circular

Sogama prosegue a súa colaboración coa entidade cedéndolle dous composteiros



Sogama prosegue a súa colaboración con [Proxecto Home en Galicia](#) a través da cesión de dous composteiros para a súa sede no Val do Dubra. Deste xeito, os usuarios do centro poderán elaborar compost a partir dos restos orgánicos e utilizar o abono natural resultante nas hortas ecolóxicas coas que conta a entidade e nas que cultivan múltiples produtos (verduras, hortalizas, froitas, etc.) para autoconsumo.

A compostaxe doméstica é unha actividade coa que os internos se manteñen ocupados e a través da cal comprobamos cada día, nun continuo proceso de retroalimentación, os resultados do seu traballo e esforzo. É, ademais, unha práctica que se integra no proceso de reinserción social polo que aposta esta organización sen ánimo de lucro e no que tamén cobra protagonismo o medio ambiente para traballar

valores tales como a autoestima, o respecto, o compañeirismo, a solidariedade e a empatía.

A compostaxe súmase ao interese de Proxecto Home pola recollida selectiva de residuos, na que xa participa activamente co fin de contribuír á reciclaxe.

Seminario previo

En semanas previas, Sogama impartiu na sede da Comunidade Terapéutica de Proxecto Home un seminario sobre como contribuír á economía circular a través da xestión sostible dos residuos urbanos. A raíz desta visita, a empresa pública, na súa firme aposta pola responsabilidade social corporativa, decidiu colaborar coa organización a través da cesión de dous composteiros para reducir a cantidade de lixo orgánico depositado no contedor xenérico. ●



O presidente de Sogama con alumnos da Escola Militar Naval de Marín

Maio: mes prolífico en visitas estranxeiras, militares, profesionais, veciñais e escolares

Sogama reforza o programa outorgándolle maior protagonismo ao xogo

Se algo distinguíu ao programa de visitas a Sogama no mes de maio pasado foi a súa diversidade. Ademais dos habituais grupos escolares e docentes, polo Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña) circularon colectivos estranxeiros, militares, docentes, profesionais e veciñais. Todo un elenco de sectores sociais que contribuíron a enriquecer o labor divulgativo que a Sociedade leva a cabo desde a súa infraestrutura central, na que se dá tratamento aos residuos urbanos producidos por 294 concellos galegos.

Todos eles percorreron as instalacións de Sogama para coñecer con detalle o seu funcionamento e a súa achega á xestión sostible dos residuos urbanos.

Entre os visitantes estiveron representantes do Ministerio de Medio Ambiente de Arabia Saudita, mozos de Sicilia no marco do programa de intercambio "Xuventude no mundo", membros do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, alumnos da Escola Militar Naval de Marín, veciños do concello pontevedrés de Rodeiro e alumnos de centros educativos galegos. Entre eles, rapaces do CEIP A Cristina (Carballo), CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (As Neves, Pontevedra), CEIP



Nenos do CEIP A Cristina (Carballo) coas tarxetas do novo xogo

Eloísa Rivadulla (Chantada, Lugo) e IES Terra de Soneira (Vimianzo).

Mellora educativa

Tamén neste mes, Sogama incorporou melloras lúdicas ao programa de visitas para escolares de cara a fomentar, aínda máis, as boas prácticas na correcta recollida selectiva de residuos.

Unha delas consiste en entregar aos pequenos, xusto ao comezo da visita, unhas tarxetas con imaxes de residuos que deben depositar nos contedores correspondentes, explicando e detallando a continuación o que debe e non debe ser introducido en cada recipiente para reforzar os acertos e corrixir os erros. ●


Actualidade

Sogama licita o mantemento da súa rede de microplantas de transferencia de residuos

O contrato, de dous anos, contempla unha prórroga excepcional dun ano



Vista dunha planta de transferencia



Mapa da infraestrutura industrial de Sogama

Sogama sacou a licitación, por un importe de 140.370 euros (sen IVE), e por un período de 2 anos, máis unha prórroga excepcional de 1 ano como máximo, o mantemento, preventivo e correctivo (electromecánico e hidráulico), da súa rede de microplantas de transferencia de residuos urbanos distribuídas por distintos puntos da xeografía galega. Trátase de instalacións máis pequenas que as habituais plantas de transferencia, que contan cun único autocompactor axustado a unha tolva de 15 metros cúbicos de cubrición, pero con idéntico funcionamento. En

concreto, son as da Cañiza e da Lama (Pontevedra); Curtis e Ponteceso (A Coruña); e Riotorto (Lugo).

Loxística intelixente

A día de hoxe, Galicia dispón dunha ampla rede de plantas de transferencia conformada por 37 instalacións, das cales 20 están baixo a titularidade de Sogama. A súa función é transvasar os residuos a contedores de gran capacidade para facilitar o transporte dos mesmos por estrada, nas mellores condicións, ao Complexo Medioambiental de Cerceda, onde reciben tratamento. ●



Domínguez co presidente do Centro Cultural e Deportivo Cerceda, Ramón Devesa

Renovación do convenio co Centro Cultural e Deportivo Cerceda

Este compromiso de colaboración evidencia que o desenvolvemento e o crecemento económico é compatible coa protección da contorna e a saúde

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o presidente do Centro Cultural e Deportivo Cerceda, Ramón Devesa, subscribiron o pasado 23 de maio un novo convenio de colaboración a través do cal a empresa pública pretende seguir fomentando os hábitos de vida saudable na propia localidade e arredores.

No marco da súa política de responsabilidade social corporativa, a compañía quere evidenciar o seu firme compromiso co municipio e os seus habitantes, constituíndo boa proba disto a súa actividade industrial, perfectamente compatible coa integridade da contorna e a calidade de vida.

Veciños responsables

O obxectivo de Sogama con este tipo de colaboracións, é que o municipio de Cerceda, ademais de referente no ámbito da sostibilidade industrial, se distinga tamén por acoller a unha cidadanía responsable e comprometida co benestar das futuras xeracións. ●

Actualidade

A cooperación transfronteiriza impulsará a compostaxe doméstica no ámbito rural



Reunión transfronteiriza con representantes de Lipor

Durante o encontro abordáronse accións conxuntas no ámbito da economía circular

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, e a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, María Cruz Ferreira, asistiron o pasado 24 de maio en Vigo a unha reunión con representantes de Lipor. O motivo deste encontro transfronteirizo foi abordar accións conxuntas no ámbito da economía circular. [Lipor](#) é empresa xestora dos residuos producidos polos municipios da zona de Grande Porto (Portugal), e que atende a unha poboación próxima ao millón de habitantes.

Ambas entidades veñen mantendo contactos periódicos, intensificados trala firma dun convenio de colaboración hai dous anos, e que teñen por obxecto promover o intercambio de experiencias e coñecementos entre as partes de cara a mellorar a xestión dos residuos a ambos os dous lados da fronteira. Un dos aspectos nos que se centrará a próxima cooperación será o impulso a prácticas de compostaxe doméstica no ámbito rural, dados os seus acreditados beneficios ambientais, económicos e sociais.

Neste sentido, o presidente de Sogama expuxo o proxecto de ampliación da capacidade industrial da entidade nun 81%, incluíndo a construción dunha planta de compostaxe industrial con capacidade para 15.000 toneladas anuais de materia orgánica.

Nova visión compartida

Unha actuación, como detallou o máximo responsable da Sociedade, que pecha un ciclo de 25 anos de servizo a Galicia, abrindo unha nova etapa na que os canons da economía circular marcan a estratexia empresarial. ●

Os xerentes de Aeversu fan balance de actividade en Sirusa

As 11 plantas adscritas a esta organización produciron só en 2016 enerxía eléctrica para 450.000 vivendas



Os xerentes coñeceron a área de actuación de Sirusa

Os xerentes das once plantas adscritas a Aeversu déronse cita a finais de maio pasado na planta decana de Sirusa (Tarragona) para facer balance da súa actividade. Durante o encontro puxéronse en común as novidades relativas á operativa de cada instalación, ademais de definir accións conxuntas na defensa dun sector clave, o da valorización enerxética, para o cumprimento das esixencias da economía circular. Entre outras cuestións, tamén se fixo énfase

no poder da comunicación como ferramenta a tomar en consideración e potenciar no futuro inmediato. As plantas adscritas a Aeversu trataron só en 2016 preto de 2 millóns e medio de toneladas de residuos non reciclables, producindo a partir dos mesmos, e dunha forma limpa e respectuosa co medio e coa saúde pública, enerxía para abastecer a máis de 450.000 vivendas. Isto significa que a valorización enerxética contribuíu ao aforro de combustibles fósiles e á redución de emisións de CO₂.

A reunión, á que acudiron o presidente e o director xeral de Sogama, Javier Domínguez Lino e Isidro García Téllez respectivamente, completouse cunha visita ao casco histórico da cidade.

25 anos por tres

Sirusa, que en 2016 cumpriu 25 anos da súa constitución, do mesmo xeito que este ano o fai Sogama e Tirme, en Palma de Mallorca, constitúe, en liña co resto das plantas, todo un exemplo do bo facer na xestión sostible dos residuos urbanos. ●



A conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato (2ª dereita), e o presidente de Sogama, Javier Domínguez, estiveron na clausura de Ecovoz

Festa de fin de curso de Ecovoz e Voz Natura

O parque acuático de Cerceda e do Acea de Ama volveron acoller os eventos cos que se homenaxeou aos centos de pequenos participantes en ambas iniciativas ambientais

Centos de escolares dos 16 centros educativos galegos (6º de Primaria) que durante este curso académico 2016-2017 participaron no programa radiofónico Ecovoz encheron o pasado 9 de xuño o parque acuático de Cerceda (A Coruña).

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, foi un dos convidados para entregar os galardóns cos que se recoñeceu o traballo desenvolvido polos pequenos no concurso "O Ecopreguntoiro", así como nas seccións de ecovídeo e ecofotografía. Con 18

anos de historia ás súas costas, Ecovoz –do Grupo La Voz- está considerado un dos programas máis destacados no ámbito da educación ambiental.

Vinte aniversario

Xusto unha semana antes, a festa de fin de curso de Voz Natura foi moi especial xa que este ano, o programa de educación ambiental promovido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre cumpriu 20 anos.


No seu tradicional peche de tempada no parque de Acea de Ama (Culleredo)

recordáronse os principais fitos dunha iniciativa que naceu para preservar os ecosistemas galegos. Á mesma xa se sumaron 700.000 alumnos e máis de 33.000 docentes que desenvolveron máis de 4.000 proxectos por toda a xeografía galega.

Precisamente, un dos momentos máis importantes da xornada do pasado 3 de xuño foi a entrega de galardóns aos traballos máis destacados neste curso, momento no que tamén estivo presente o máximo responsable de Sogama. ●

Multimedia

Os Trebón marchan de vacacións!



Remata o curso escolar e a familia Trebón e os seus amigos terrestres marchan de vacacións. Toca ir á praia, de cámping e á montaña, pero a nosa familia extraterrestre favorita non esquece os tres erres para continuar reducindo, reutilizando e reciclando. Os próximos meses están cheos de plans.

O profesor Uxío pretende ler moito; Anselmo andará en bicicleta; e Lucas, Lilia e Vito visitarán o parque acuático. Ademais, todos eles irán á praia para bañarse, nadar e tomar o sol, sempre con protector solar e poñéndose á sombra nas horas centrais do día. E ti? Que vas facer nas vacacións? ●

[Mira aquí o videoconto do inicio das vacacións](#)

Spot do Día da Reciclaxe: unha homenaxe aos nenos



A través dun spot dun minuto de duración protagonizado por un neno, e no que se pon de relevo a importancia que ten contribuír ao reciclado, Sogama rendeu homenaxe aos pequenos da casa no Día Internacional da Reciclaxe (17 de maio), enalzando así o importante papel que estes xogan de forma permanente no proceso

de construción dun mundo próspero e sostible. Baixo o lema "Recicla o teu presente, recicla no futuro", co anuncio preténdese evidenciar que os pequenos, principais aliados de Sogama, sempre están atentos ao que sucede ao seu ao redor de cara a garantir hábitos respectuosos coa contorna e a saúde. ●



[Visualiza o spot](#)

Eventos

Teatro para concienciar aos máis pequenos sobre a importancia dos tres erres



“O conto máxico”, a representación teatral de corte medioambiental promovida pola produtora de Blanca Marsillach y Varela Producciones, concienciou aos máis pequenos da localidade de Ordes sobre a necesidade de protexer a contorna.

A obra, enmarcada na conmemoración do Día Internacional da Reciclaxe (17 de maio), presta especial atención aos

residuos, debido ao impacto negativo da súa mala xestión industrial.

O argumento da obra é sinxelo. A contaminación que asola ao mundo real trasládase ao mundo dos contos e as súas personaxes sofren as consecuencias (vertidos, qentamento global, escaseza de auga, etc.). É “Héroe”, o protagonista, quen logra solventar esta situación

escribindo un conto no que os protagonistas contribúen á redución, á reutilización e á reciclaxe.

A través desta peza, Sogama e Concello de Ordes apelan á responsabilidade compartida para gozar dun mundo mellor e deixar un legado sostible ás xeracións vindeiras. ●

“Cervo Respecta 2017”, certame de instantáneas polo medio ambiente

Coincidindo coa conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente, o 5 de xuño, o Concello de Cervo entregou os premios enmarcados na sétima edición do concurso de fotografía ambiental “Cervo Respecta 2017”, na que colaborou Sogama.

O primeiro galardón recaeu en Pedro Antonio Vicente Canoura, coa fotografía “Autillo Europeo” que inmortaliza á ave nocturna máis pequena da Península Ibérica. O segundo premio, que tamén foi distinguido co “Top Cervo” por recrear a mellor fotografía

ambiental da localidade, levouno María Elena Fernández Vázquez, con “Remuíños e Maruxaina”.

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, e a concelleira de Medio Ambiente, Manuela Méndez, felicitaron aos gañadores polas súas magníficas obras, á vez que recoñeceron a alta calidade de todas as candidaturas presentadas a un concurso que se vén convocando anualmente. O obxectivo desta iniciativa é sensibilizar á poboación no coidado do medio ambiente e conectala coa natureza para apreciar a súa riqueza e proxección. ●



Eventos

España incrementa nun 45% o consumo de produtos ecolóxicos

Tal e como se recolle no último boletín informativo de [Fedemco](#) (Federación Española do Envase de Madeira e os seus Compoñentes), o consumo de produtos ecolóxicos no noso país viuse incrementado nos últimos anos nun 45%, alcanzando en 2015 unha facturación interna de 1.453 millóns

de euros. España sitúase así entre os dez primeiros países do mundo en consumo de artigos ecolóxicos.

Se ben España se erixía no primeiro produtor ecolóxico de Europa, con case 2 millóns de hectáreas, e sexto do mundo, o certo é que non destacaba en canto ao consumo interno de

produtos ecolóxicos, exportando ata o 80% da súa produción.

A incorporación de novos consumidores, non exclusivamente ecoloxistas, a maior produción e os menores prezos ao reducirse os intermediarios, constitúen factores de peso neste cambio de tendencia. ●



“Paxarelas azuis” para a excelencia na xestión da recollida selectiva de papel e cartón

[Aspapel](#), a Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón, vén de abrir o prazo para que os municipios ou agrupacións de municipios que así o desexen poidan participar na próxima convocatoria de “Pajaritas Azules” 2018.

Tal e como se indica no [boletín institucional “ReciclaXe ao día”](#), “Pajaritas Azules” é un programa anual de asesoramento, avaliación e recoñecemento da calidade da xestión municipal na recollida selectiva do papel e cartón, que ten por obxecto introducir melloras continuas de cara a alcanzar altos niveis de eficiencia no reciclado deste material.

A avaliación céntrase en 21 indicadores a través dos cales se realiza un exhaustivo análise de toda a operativa vinculada ao contedor azul e recollidas complementarias. Á vez, analízanse outras variables tales como campañas de información e concienciación cidadá, cuestións vinculadas á regulación e planificación da xestión, así como aos resultados e trazabilidade do material ata o reciclado final. ●

Eventos

As plantas asociadas a Aeversu conmemoran o Día do Medio Ambiente

Como vén sendo habitual nas súas políticas de comunicación e divulgación ambiental, as plantas adscritas a **Aeversu** celebraron, un ano máis, o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño). Este ano, chamando a atención sobre a necesidade de apostar, de forma decidida, por unha xestión sostible dos residuos urbanos e sobre a importancia de que a valorización enerxética da

fracción non reciclable dos residuos ocupe o lugar que lle corresponde, dando debido cumprimento á normativa vixente na materia.

A diada ambiental de Tirme, as actividades pedagóxicas desenvolvidas por Terna nas escolas, o premio á mellor recollida selectiva da fracción orgánica de Sirusa ou a revexetación do recinto industrial de Sogama constitúen, entre outras, algunhas

das iniciativas despregadas para celebrar unha xornada que este ano tivo por obxectivo "conectar á xente coa natureza".

As plantas adscritas a Aeversu son Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgardi, no País Vasco; Trargisa, Mataró, Sirusa e Terna, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; Tirmadrid, en Madrid; Sogama, en Galicia, e Ctrasa, en Andorra. ●



As cabichas dos cigarros constitúen a primeira fonte de lixo no mundo

Sorprendentemente, por diante dos envases de alimentos, botellas e bolsas de plásticos. Esta é unha das conclusións recollidas no artigo que, baixo o título "Contaminación ambiental por cabichas de tabaco. O tabaco de cuarta man", foi presentado o pasado 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, polo doutor José Ignacio de Granda-Orive, neumólogo e coordinador da área de tabaquismo da **Sociedade Española de Neumoloxía e Cirurxía Torácica (Separ)**.

Segundo este facultativo, o consumo de cigarros a nivel mundial viuse incrementado ata os aproximadamente 6 trillóns, dos cales 4,5 son arrojados directamente á contorna, ocasionando un grave impacto ambiental.



Para facer fronte a este problema, fórmulanse diversas iniciativas: desde filtros degradables ata campañas de concienciación específicas e aplicación de taxas

e impostos. O doutor De Granda-Orive demanda "unha lexislación axeitada para poder actuar sobre este lixo que podería denominarse xa o tabaco de cuarta man". ●

Eventos

A Xunta premiará ás entidades locais máis “recicla-activas” de Galicia



No marco da campaña autonómica para o fomento da reciclaxe “Oportunidades Galicia. Separemos

ben, reciclemos mellor”, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de convocar un concurso co fin de valorar o esforzo dos concellos en canto á xestión sostible dos residuos.

Deste xeito, teranse en conta aquelas accións que fomenten a correcta separación de residuos e favorecer, así, o seu posterior reciclado, con especial atención á segregación dos envases lixeiros (latas, briks e envases de plástico) e envases de papel e cartón. Igualmente, tomaranse en

consideración o resto de actuacións desenvolvidas polas administracións locais que redunden nunha mellor e máis eficiente xestión dos residuos.

Os candidatos deberán presentar unha memoria descritiva de ata 10 páxinas na que se detallen as accións máis destacadas no seu termo municipal. Os concellos deberán xustificar que estas iniciativas foron desenvolvidas entre o 10 de agosto de 2016 e o vindeiro 30 de setembro de 2017, data na que concluirá o prazo para a recepción da documentación. ●

Efemérides ambientais



A actividade humana ten unha influencia decisiva no cambio climático, polo que se fai preciso transitar cara a un modelo económico baseado en principios como a xustiza, o respecto medioambiental e a utilización racional dos recursos. O pasado **15 de maio** celebrouse, un ano máis, o **Día Internacional de Acción do Clima**, para sensibilizar e concienciar aos

cidadáns como as nosas accións contribúen ao cambio climático.

Os 27.000 espazos protexidos cos que contan os países da Unión Europea abarcan un total dun millón de metros cadrados. Dado o seu valor incalculable tanto ecolóxica como socialmente, desde que en 1992 se aprobara a Directiva de Hábitats, cada **21 de maio** celébrase o **Día Europeo da Rede Natura 2000**.

Baixo o lema “Os nosos océanos, o noso futuro”, o **8 de xuño** conmemorouse o **Día Mundial dos Océanos**, unha xornada coa que se pretende enxalzar a importancia que estes teñen para a vida, toda vez que xeran a maior parte do osíxeno que respiramos, absorben emisións de carbono, nos proporcionan alimento, regulan o clima e nos achegan recursos económicos. ●

Receitario



Viaxe gastronómico a Murcia

Esta ensalada murciana é moi fácil e rápida de preparar. Pódese consumir acabada de facer, pero como nos asegura a nosa compañeira Noelia

Espín "está moito máis rica se se deixa repousar un anaco na neveira antes de servir". É unha receita "moi de verán" e queda xenial acompañada

dunha boa tortilla de patacas. Ímoslle facer caso porque quen mellor ca unha murciana para darnos estes consellos gastronómicos!

Ensalada murciana



Nivel de dificultade:

- 1 Fácil
- 2 Medio
- 3 Avanzado



Cantidades e ingredientes:

Para 4 persoas

- 1 bote grande de tomates enteiros en conserva (800 gr – 1 kg)
- 1 cebola tenra pequena
- 2 ou 3 ovos
- 3 latas de atún en aceite
- Cogombriños en vinagre
- Alcaparras (opcional)
- Olivas ao gusto (as máis saborosas son as da variedade do "cuquillo")
- Aceite de oliva
- Sal
- Vinagre
- Pan para acompañar



Elaboración:

1. Cocer os ovos ata que estean duros (uns dez minutos) e reservalos en auga fría antes de descascar.
2. Picar a cebola á xuliana fina e reservar nunha ensaladeira ou nun recipiente fondo cun pouco de sal e vinagre para que non pique tanto.
3. Cortar os tomates e os cogombriños en anacos e engadilos á cebola xunto co atún, as olivas e as alcaparras.
4. Aderezar ao gusto e mesturar para que se distribúan ben os ingredientes. Por último, decorar cos ovos cortados en cuartos.
5. Reservar no frigorífico un anaco para que a ensalada arrefría.



Presentación:

Servir a ensalada fresquiña en pratos individuais con pan para untar no mollo.



Onde vai que?

